

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BERGONDO

Secretaría

Información pública. Dedicacións exclusivas

Información Pública. Dedicacións exclusivas

Expediente. 2019/X999/000303

O Concello Pleno en sesión extraordinaria celebrada o 27 de xuño de 2019, adoptou o seguinte acordo, que se fai público en cumprimento do establecido no artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local:

PRIMEIRO. Recoñecer o desempeño con dedicación exclusiva dos cargos de: alcaldesa-presidenta do Concello de Bergondo; concelleiro/a delegado/a da área de Urbanismo e Medio Ambiente e concelleiro/a delegado/a da área de Obras, Réxime Interior e Seguridade.

SEGUNDO. Fixar como retribución bruta anual para a Alcaldesa-Presidenta, a cantidade de trinta e oito mil catrocentos euros -38.400 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos do 1 de xullo de 2019.

TERCEIRO. Fixar como retribución bruta anual para os cargos de: concelleiro/a delegado/a da área de Urbanismo e Medio Ambiente e concelleiro/a delegado/a da área de Obras, Réxime Interior e Seguridade, a cantidade de trinta e un mil setecentos oitenta euros -31.780,00 €- cantidade que será aboada mensualmente coas nóminas municipais, pagadera en catorce mensualidades (doce ordinarias e dúas extraordinarias), e que experimentará as variacións legais previstas para as retribucións dos funcionarios nas sucesivas leis anuais de presupostos, con efectos dende o 1 de xullo de 2019.

CUARTO. Solicitar á Tesoureiría Xeral da Seguridade Social a alta da sra. Alcaldesa- Presidenta, e dos concelleiros delegados con efectos do 1 de xullo, e asumindo o Concello as obrigas que as normas do Réxime Xeral da seguridade social imponen ás empresas en relación cos traballadores ao seu servizo, asumindo a corporación o pago da cota empresarial correspondente.

QUINTO. Autorizar e dispoñer o gasto, con cargo as aplicacións presupostarias correspondentes, ás que se imputarán os gastos que correspondan ao período comprendido dende a aprobación desta proposta ata o trinta e un de decembro do presente ano, aos que se refiren os puntos segundo a cuarto do presente acordo; e de se-lo caso realizar as correspondentes modificacións orzamentarias.

SEXTO. Publicar íntegramente no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de anuncios da Corporación e no portal de transparencia o presente acordo plenario, para os efectos do previsto no art. 75.5 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local."

Bergondo, 28 de xuño de 2019

A alcaldesa-presidenta

Alejandra Pérez Máquez

2019/5261